



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 24 DE ABRIL DE 2008.

<p><u>Sres. Asistentes.</u></p> <p><u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D. José Juan Vilasanchez Pazos D^a Maria Victoria Montenegro Paz. D^a Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D. Fernando Otero Prieto. D^a Josefina Martínez Martínez D. Manuel Rodríguez Doval. D^a María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>Non asiste con excusa:</u> D^a Maria Mercedes Grande Regueiro.</p> <p><u>Sr. Secretario.:</u> D.Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e sete minutos do día vinte e catro de abril de dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 28-02-08 E 27-03-08.-

O Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación as actas das sesións ordinarias celebradas polo Concello Pleno os días 28-02-2008 e 27-03-2008.

Punto 2º.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO UNICO DE FERROL DE 08-02-08.

Dada conta da firmeza da Sentencia do Xulgado Contencioso-Administrativo Unico de Ferrol de data 08-02-08, na que se emite o seguinte

"FALLO:



ESTIMO EL RECURSO contencioso-administrativo interpuesto por la XUNTA DE GALICIA en relación con la desestimación presunta por el AYUNTAMIENTO DE ARES del recurso del requerimiento formulado por la Consejería de Política Territorial, Obras Públicas y Vivienda en escrito con registro de entrada en el Ayuntamiento de Ares de fecha 12 de junio de 2006, "para que disponga a suspensión dos efectos do acordo de aprobación do proxecto de construción da casa do concello, de data 11 de xullo de 2002, e a paralización das obras de construción da casa do concello; é proceda á revisión do devandito acordo de aprobación do proxecto de construción da casa do concello por ser nulo de pleno dereito ao infrinxir o uso urbanístico dun solo urbano cualificado de zona verde de espazo libre", y **DECLARO QUE LA ACTUACIÓN RECURRIDA NO ES CONFORME A DERECHO Y LA ANULO**; debiendo la Administración demandada proceder a la retroacción del procedimiento de referencia en orden a su sustanciación conforme a Derecho y dictado de la resolución que, en su caso, resulte procedente; sin hacer especial pronunciamiento sobre las costas del procedimiento.

Notifíquese esta resolución a las partes haciéndoles saber que **ES SUSCEPTIBLE DE RECURSO DE APELACIÓN**, que se interpondrá ante este Juzgado dentro de los quince días siguientes al de la notificación."

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifiesta que o tema ven a Pleno, que estivo a disposicións dos Concelleiros o expediente, que é bastante ilustrativo, e dicir que aconsellaría a moitos que se learan os informes dos técnicos, especialmente o informe do Técnico Redactor do proxecto, que xustificaba que se fixo unha modificación puntual ó Plan Xeral, en concreto a número 5 para adaptar o solar á Nova Casa do Concello, e dicir que esa parcela tiña 1200 metros cadrados de habitabilidade e nos a reducimos a 875 metros, a intencionalidade por parte do equipo de goberno naquel entonces era adaptar o solar para a nova Casa do Concello, tamen existe un plano no que se pode comprobar que existían dúas edificacións unha de 40 metros e outras de 23 metros, esa edificabilidade a quitamos tamén, e so pido que se reflexione, e se pode comprobar que nos actuamos con toda a corrección e sen ningunha pillería, senón todo o contrario que nos queriamos adaptar esa parcela ubicar a Casa do Concello e disfrutar como estamos a disfrutar dela.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto 3º.- RATIFICACIÓN CONCESIÓN COMPATIBILIDADE TÉCNICOS MUNICIPAIS.

Dase conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de febreiro de 2008, do seguinte teor literal:

"Punto núm. 3.- SOLICITUDES DE COMPATIBILIDADE PARA EJERCICIO DE ACTIVIDADE PRIVADA.-



Vistas as solicitudes de autorización de compatibilidade para o exercicio de actividade privada, efectuadas polos Aparelladores Municipais D. Benito José Calvo Castro e D. Alfonso Portela Martínez, na data 14/12/07, baixo os números de rexistro 3863 e 3944, respectivamente.

Visto-los preceptos de Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, o Real Decreto 598/1985, do 30 de abril sobre incompatibilidades establecidas pola inspección Xeral de Servizos da Administración Pública, que establece que no caso do persoal laboral non suxeto a Convenio, interpreta que nos contratos individuais a existencia dunha indemnización pactada superior á legal, unha entrega absoluta a empresa, un rendimento moi alto medido por obxectivos, unha permanencia mínima de varios anos na empresa, a imposibilidade de facer a competencia á mesma nun tempo determinado despois da saída desta, etc, estas condicións, requisitos e contraprestacións non son equiparables ó contido do complemento específico funcional, senón que o desbordan amplamente.

Resultando que ningunha destas condicións, requisitos ou contraprestacións figura no contrato dos solicitantes de compatibilidade.

Resultando acreditado que os peticionarios non perciben un complemento específico ou concepto equiparable superior ao abeiro do artigo 16.4 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, ó 30% das súas retribucións básicas, excluindo os conceptos que teñan a súa base na antigüidade.

A Xunta Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda recoñecer a compatibilidade para exercicio da actividade privada ós solicitantes: D. Benito José Calvo Castro e D. Alfonso Portela Martínez coas seguintes condicións:

Primeiro.- Non poderá exercer-las seguintes actividades:

A) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou servizo de entidades particulares, nos asuntos nos que estea intervindo, interviniera nos dous últimos anos ou teña que intervir por razóns do posto público.

B) A pertenza os Consellos de Administración ou órganos rectores de Empresas ou Entidades privadas sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas xestións do Departamento, Organismo ou entidade na que preste os seus servizos Dn. Benito José Calvo Castro e Dn. Alfonso Portela Martínez.

C) O desempeñ, por sí ou persoa interposta, dos cargos de toda orden as Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministrados, arrendatarias



ou administradoras dos monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.

D) A participación superior ó 10% no capital das Empresas ou Sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

Segundo.- A actividade privada deberá ser inferior en horario á metade da xornada semanal ordinaria de traballo na Corporación.

Terceiro.- Non poderá exercer-la actividade profesional de Aparellador (Arquitecto Técnico) no Termo Municipal de Ares.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno do Concello do presente acordo para a súa posta en coñecemento.

Quinto.- Notifíquese aos interesados."

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que estamos diante dun area importante, un tema que pensamos afecta moito á actividade do noso Concello, queremos tamén explicitar a nosa posición retrotraendonos incluso a decisións que se tomaron no seu momento coas que nos discrepamos e que coa decisión de hoxe poden quedar confirmadas. Quero lembrar que o BNG sempre foi crítico, tanto co proceso de contratación dos dous Aparelladores que están prestando servizos na Corporación, creo ademais que non fomos nos o único grupo que estivo en contra dese proceso, senón que tamén a nosa discrepancia ía máis alá, porque entendíamos que era un luxo e non se xustificaba desde o punto de vista operativo que tiveramos dous Aparelladores e que por exemplo non se houbera creado unha praza de Arquitecto, nos defendimos no seu momento en concreto na aprobación dos orzamentos do ano 2008, demandamos que unha oficina técnica coas dimensións que debería ter a de Ares, digo que debería porque neste momento parece ter outra repercusión a tensión urbanística no Concello, en todo caso para nos unha oficina técnica debería de estar estruturada cun Arquitecto/a, un Aparellador/a e despois toda unha serie dun equipo técnico administrativo que colabore, a existencia de dous aparelladores non viña pola esixencia da necesidade da Corporación de ter dous Aparelladores, senón que viña a razón doutro tipo de necesidades, nos en todo caso, discrepamos coa existencia desas dúas figuras e consideramos que é unha carga excesiva para unha Corporación como a nosa.

En relación coa proposta que se trae hoxe aquí, en primeiro lugar manifestar a nosa sorpresa, primeiro porque non hai un informe de Secretaria, no expediente do Pleno, parece un tema de mal gusto que ante un tema de tanta trascendencia, se traía o tema soamente para ratificar, cando se nos pudo traer, para decidir, e se nos pudo traer cun informe técnico. curiosamente a solicitude de contabilidade que fan os Aparelladores Municipales, xa se tratou nunha Comisión de Goberno que se celebrou o pasado 18 de decembro de 2007, e deixouse sobre a mesa, non sabemos en cambio a situación para que en aquel entón se



deixará a solicitude enriba da Mesa, se entendería que ían a recabar informes, pero a nos non nos constan eses informes, e polo tanto é evidente que desde ese punto de vista hai unha carencia desde os Servicios Xurídicos do Concello, da Secretaria que nos informe en que situación se pode conceder isto, entendemos que todo o mundo que todos os traballadores queiran mellorar a súa situación económica, pero estas plazas convocáronse cun perfil determinado e cunhas condicións económicas determinadas, polo tanto as dúas persoas beneficiadas poden optar por desenrolar as prazas coas condicións que asinaron no contrato ou ben desenrolar o seu traballo na actividade privada, o que non nos parece lóxico cando precisamente está en tela de xuízo un debate acerca da vinculación dos Técnicos de Urbanismo Municipais con actividades externas, e non fai falla reproducir aquí casos que se acaban de producir no Concello limítrofe, pois que nos aquí adoptemos unha posición na precisamente situa o debate na continuidade dese tipo de prácticas, e aquí pensamos que é onde toca a legalidade, pois dende o punto de vista da legalidade pode ser moi legal, pero a realidade coa emerxencia de problemas coletarais que veñen vindo despois, en todo caso nos pensamos que cabería revisar o contido dos postos de traballo e proceder a unha convocatoria, noutras condicións, se é persoal laboral fixo, funcionarialos, cambiarlles as condicións de traballo, e cambiarlles as súas condicións económicas, pensamos que non é unha boa medida adoptar un acordo no que se lles permite exercer, con todos os meus respectos e desde o meu punto de vista persoal, porque é darlle continuidade a unha medida unha situación que está agora mesmo enriba da mesa e que ven sendo criticada, pensamos que o persoal técnico do que dispón o Concello de Ares, debe de estar única e exclusivamente a disposición do Concello de Ares, e máxime se se trata de temas urbanísticos, polo tanto vamos a votar en contra, somos partidarios de que se revisen as súas condicións salariais, incluso de horario, e contractual, pero non somos partidarios en que se solventen estes problemas dándolles a compatibilidade en actividades fora deste Concello.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que discrepa totalmente co manifestado polo Portavoz do BNG, nos aquí tiñamos unha Arquitecta Municipal, cando foi do expediente que lle abrimos ó Aparellador Municipal que o puxemos na rúa, tivemos problemas con esta Arquitecta, quitamos a plaza de Aparellador, e dicir que entre ela e o Colexio de Arquitecto de Galicia nos levaron ó Contencioso-Administrativo dicindo que a plaza que nos quitabamos non podía ser un aparellador senón dun arquitecto porque tiña que facer proxectos, e quero explicar aquí o porque de dous aparelladores, pois é moi fácil os arquitectos nun Concello non é funcional, posto que practicamente todos os proxectos que se fan se encargan a enxeñerías, e en obra os arquitectos non saben saír dos problemas eso é traballo dos aparelladores, por eso nos dicidimos dous aparelladores, porque toman as decisións toman decisións todos os días e o tempo nos deu a razón, e dicir que con todo o traballo que tivo o Concello de Ares, que foi un dos Concellos que mais creceu urbanisticamente, o traballo se quitou adiante, polo que foi unha boa aposta, a todo o mundo hai que darlle a oportunidade esta xente ten un contrato a tempo partido, e un salario non consecuente polo que hai que deixarlles facer algunha actividade polas tardes, hai que confiar nas persoas, facer vixilancia de todo isto e non ten porque pasar nada, esta xente leva anos aquí e nunca pasou nada, o que pasou noutro Concello, precisamente a persoa que vostede defendía é a que está involucrada no tema ese “Virgin”.



Interven o Sr. Secretario, manifestando que estamos diante dun tema que non necesita informe preceptivo, pero se os Sres. Concelleiros o acordan que se faga o informe, se deixa o asunto sobre a Mesa e se incorpora o informe, os meus informes son cando o esixe a Lei por mor do acordo a adoptar, ou cando o solicita a cuarta parte dos Concelleiros da Corporación. Non teño porque informar todos os asuntos que veñen a Pleno.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que en ningún momento aludín a temas de legalidade, según o escrito que se fai por parte de Secretaria é legal, parece-me sen embargo que un tema destas características debería vir a Pleno con algo máis de información que a acta recollida, do acordo que xa adoptou a Xunta de Goberno, pero a mín parece-me que nunha Corporación como esta na que non hai maioría absolutas, debería-se andar con sumo coidado nos temas que se consideran imporantes, e para o Bloque Nacionalista Galego, este non é un tema de decisión administrativa, e un tema de decisión política, porque para calquera que coñeza, eu estiven no Pleno do Concello de Mugardos cando se debateu este tema, curiosamente o que me chama a atención é que a persoa que me precedeu o portavoz do Partido Popular, o seu representante no Concello de Mugardos, se cansou de dar estopa pola concesión da compatibilidade á Aparelladora Municipal, concesión que por certo se concedera cando non gobernaba o BNG. É evidente que dende o punto de vista legal esto non ten ningún tipo de tacha, pero todas e todos os que estamos aquí sabemos que o exercicio de compatibilidades en Concellos anexos leva ó final a trampear, e situacións como á do Concello de Mugardos é a punta do iceberg, me dicia unha persoa que non é de ningún partido, que eso pasa en todos os Concellos, polo tanto o que debemos facer independente da presunción da inocencia o do que pase en Mugardos, non debemos de tropezar duas veces na mesma pedra, noso grupo e partidario de que as condicións de traballo e as condicións económicas da xente que traballa neste Concello sexan as mellores posibles, eu creo que dimos proba cando tivemos determinadas areas de goberno, aquí se acaba de dicir que non teñen un bo salario, bueno vamos a deixalo así, tiñamos que falar aquí de que é un bo salario polo traballo que fan para unha praza, por certo cando falou o portavoz de Partido Popular dixo que o facía por alusións, e eu non o aludín, pero aproveitando que el aludeu, eu vou aludir. Mire vostede, os dous aparelladores que se contrataron, un se contratou a dedo que todo o mundo o sabe, que foi cando foi o conflito coa Arquitecta, e o outro cunhas bases feitas á medida que todo o mundo sabía que ía entrar el, era “vos populi”, vostede tivo que tapar con contratacións problemas que tiñan determinados sectores do seu partido, ou aquí somos parvos, entón para nos é un tema de trascendencia, incluso seríamos partidarios de como dixo o Sr. Secretario deixalo sobre a mesa para estudialo mellor, e persoalmente aínda que critique a forma na que entraron os dous aparelladores non teña nada persoal, pero o igual que entraron seguramente hai centos de rapaces, que lles gustaría tomar parte nunha oposición libre e transparente, e seguramente que algúns deles serían do Concello que non tiveron esa oportunidade, polo tanto a nosa discrepancia e coa decisión política non co tema administrativo nin como tema legal que non dubidamos que sexa.



Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que os poucos meses de entrar tiven que tomar unha decisión que vostede non tomou nunca, xuntei os partavoces da oposición me quedaron en apoiar e me deixaron solo para tomar esa decisión, tiven que tomar a decisión de expedientar e votar ó aparellador municipal, por cousas que se viñan facendo no seu goberno, que vostedes tiñan que adoptar esa decisión non o fixeron, non veña vostede dando dogma de fe, e nos tamén tomamos a decisión acertada de contratar a dous aparelladores, foi unha boa solución e segue a funcionar ben, e co volume de traballo que houbo aquí non Concello se resolveu con dúas persoas a tempo parcial, e o que hai que facer cando hai problemas que eran públicos e notorios os políticos teñen que tomar as decisións oportunas, e no caso de Mugar dos pasou exactamente igual, e eu advertinllo o Sr. Alcalde que é amigo meu, ten coidado con esto que che vai a estoupar nas mans, e estaba nunha situación de minoría e deixou pasar e lle estoupou, pero aquí non pasa eso, e aquí que se hai algunha filtración ou algunha cousa rara os políticos teñen que tomar as medidas oportunas. Repito que o tema dos dous aparelladores foi unha boa medida, coa cantidade de traballo que houbo se foi quitando ben e se resolveron todos os temas, eu creo na xente porque na xente hai que creer en principio, hai que darlle confianza suficiente, se nos vemos algunha cousa rara sempre temos a posibilidade entre as medidas a adoptar ó retirar a compatibilidade.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que a concesión da compatibilidade vai cunha serie de cautelas, que neste caso creo que dalgunha maneira eliminan cal sombra de sospeita sobre o que pode ser unha mala práctica, porque efectivamente o condicionado da concesión implica que nunca se poderán realizar actividades privadas incluídas as de carácter profesional sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou servizo de entidades particulares, nos asuntos que estea intervindo, interviña nos dous últimos anos ou teña que intervir por razóns do posto público. O desempeño por si ou persoa interposta, dos cargos de toda orde as Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministrados, arrendatarias ou administradoras dos monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas. A participación superior a 10% no capital das Empresas ou Sociedades a que se refire o parágrafo anterior, que se ten desenrolar a actividade privada nun horario que deberá ser inferior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo na Corporación, non poderan exercer a actividade profesional de Aparellador (Arquitecto Técnico) no Termo Municipal de Ares. En consecuencia existe unha serie de cautelas que en principio eliminan a situación de conflito, e un dereito dos traballadores organizar o que é o ámbito privado, e polo tanto poden solicitar a compatibilidade. A única razón para negala son razóns de oportunidade, e a realidade é que non logramos ver ningunha delas porque as mesmas están eliminadas por estas cautelas, as razóns que vostede sinala están eliminadas polas cautelas.

Expostos os posicionamentos de todos os grupos, pola Alcaldía-Presidentencia, sometese a votación o asunto e o Pleno da Corporación 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 4 P.P e 1



NAL), e dous votos en contra (2 BNG), acorda ratifica-la compatibilidade dos Técnicos Municipais.

Punto 4º.- APROBACIÓN CONVENIO MARCO DE COLABORACION E COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARES E A EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A. (TRAGSA).

Dada conta do Convenio Marco de Colaboración e Cooperación entre o Concello de Ares e a Empresa de Transformación Agraria S.A., do seguinte teor literal:

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN E COOPERACIÓN ENTRE O EXCELENTISIMO CONCELLO DE ARES E A EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A. (TRAGSA).

En.....a,.....de.....de 2008.

O Ilmo. Sr. D..... como Alcalde-Presidente, en nome e representación do Excmo. Concello de Ares, con facultades bastantes para o presente acto en virtude do seu cargo, de acordo co art. 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local.

O Ilmo. Sr. D....., como....., en nome e representación da Empresa de Transformación Agraria S.A., (TRAGSA), en virtude das facultades debidamente conferidas, segundo escritura de delegación de facultades otorgada ó seu favor....., ante o Notario de Madrid,.....condo seu protocolo.

Os intervinentes, na calidade na que comparecen respectivamente, con competencia material e en uso das facultades que teñen atribuídas, recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal necesaria para o primeiro establecer os termos do presente Convenio e, o segundo para tomar coñecemento do mesmo na súa calidade de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración e, a tal efecto.

EXPOÑEN:

Primeiro.- A múltiple e compleza realidade que supón a coexistencia da Administración Xeral do Estado, as Administracións Autonómicas e as das Entidades Locais; proxectando a súa actividade sobre o mesmo espazo subxectivo e xeográfico, demanda incentivar un marco de actuación común a todas elas, que propicie a súa participación institucional de actuación e incrementa os seus niveis de eficiencia.

Neste sendo, os Concellos teñen atribuída a intervención en cantos asuntos afectan directamente ó circulo dos intereses e responsabilidades dos concellos, que en infinidade de



ocasións se conectan cos intereses da Administración Xeral do Estado e das Comunidades Autónomas e neste espazo faise necesario que as tres administracións colaboren estreitamente.

Segundo.- En virtude do establecido no artigo 88 da Lei 66/1997, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orde Social, o noso lexislador configura unha sociedade estatal que cumpra servizos esenciais en materia de desenvolvemento rural e conservación do medio ambiente, materiais que aínda que de indudable xeral, estreitamente vencelladas ó medio local.

En desenvolvemento desta Lei, dítase o Real Decreto 371/1999, de 5 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico de TRAGSA e as súas filiais, confirmando a súa natureza de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración Xeral do Estado e de cada Comunidade Autónoma que así o dispoña e dos organismos dependentes de aquela e estas. No seu artigo 3 apartado 4, establece o citado Real Decreto, que as Administracións Públicas poderán aportar e as súas filiais, nas súas relacións de colaboración ou cooperación con outras Administracións ou subxectos xurídicos públicos, para que sexan utilizadas por estes nas mesmas condicións seguindo os procedementos establecidos e de acordo coas fórmulas legalmente previstas, é dicir, como o seu medio propio instrumental.

Terceiro.- En virtude de todo elo e ó abeiro das Disposicións legais anteriormente citadas, a Administración Xeral do Estado a través daamosou o seu interese en establecer un marco de colaboración co Concello de Ares, conferindo ó efecto, con dataa cesión do seu medio propio instrumental TRAGSA.

Deste xeito, a Administración local, disporá a TRAGSA e as súas filiais en idénticas condicións ás que a Administración o vén facendo, establecendo igualmente que ditas condicións sexan normalizadas nun Convenio de colaboración que se formaliza en virtude do presente documento.

Cuarto.- Que de conformidade con todo o exposto e estando tanto a Administración Autónoma como a Local, interesadas en fins comúns de interese público, estableceron un marco de colaboración técnica e financeira, e a petición do Excmo. Concello de Ares, determinouse ampliar coa cesión de TRAGSA e as súas filiais, os medios materiais para a realización das actuacións incluídas dentro do obxecto social de TRAGSA e as súas filiais, que o Concello citado ten provisto executar no seu termo municipal.

Na súa virtude, previo cumprimento do disposto nas Normas de aplicación formalizase o presente Convenio de Colaboración, o cal foi aprobado polo Pleno do Concello o.....con obxecto de regular o marco de relación entre esa Administración local e TRAGSA (e as súas filiais), así como o seu procedemento de utilización, na súa condición de medio instrumental e servizo técnico da Administración Xeral do Estado, con suxección todo iso ás seguintes



CLÁUSULAS.

Primeira: Obxecto.-

O obxecto do presente Convenio é regular o réxime xurídico, económico, e administrativo de TRAGSA e as súas filiais nas súas relacións co Concello de Ares, na súa condición de medio propio e servizo instrumental do citado Concello.

Segunda: Duración.-

A vixencia deste Convenio será indefinida, podendo ser denunciado, con anterioridade ó primeiro de outubro, surtindo efecto a denuncia a partir do primeiro de xaneiro do ano seguinte.

Non obstante, deberán respetarse os encargos e compromisos existentes con anterioridade polo que se refire ás actuacións en curso e ás suas anualidades futuras.

Terceira.- Natureza e contido.

TRAGSA e as súas filiais están obrigadas a realizar as actuacións que, estando incluídas no seu obxecto social, lle sexan ordenadas polo Concello de Ares no cumprimento das competencias que ten encomendadas.

En consecuencia, as relacións establecidas entre o Concello de Ares e TRAGSA teñen natureza administrativa, son de carácter interno, subordinado e dependente; resultando excluídos do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas en virtude do establecido no párrafo 1, apartado 1) do seu artigo 3.

As actuacións que a título obrigatorio leven a cabo TRAGSA ou as súas filiais, no marco de dita relación serán consideradas como realizadas directamente por dita Administración cos seus propios medios, conforme ó réxime previsto ó efecto no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Cuarta.- Ordes de actuación.-

As actuacións obrigatorias que lles sexa encargadas a TRAGSA e ás súas filiais, serán concretadas mediante ordes de encargo emitidas ó efecto polos órganos competentes da Corporación Local.

As ordes de encargo suporán a orde para iniciar a actuación e farán constar, ademáis dos antecedentes que procedan, a denominación da mesma, o prazo de realización, o seu



importe, a partida presupuestaria correspondente e, no seu caso, as anualidades en que se financie coas súas respectivas cuantías, así como o Director designado para a actuación a realizar.

Quinta.- Tarifas.-

TRAGSA e as súas filiais percibirán polas actuacións que executen como medio propio do Concello de Ares, o importe dos custos nos que tivera incorrido mediante a aplicación do sistema de tarifas vixentes para a Administración Xeral do Estado, incorporando ás mesmas os custos indirectos de estrutura e, no seu caso, os de control de calidade.

Cando determinadas unidades non teñan aprobada unha tarifa, o seu custo deberá valorarse conforme ó establecido no artigo 4 do Real Decreto 371/1999.

TRAGSA notificará ó Concello de Ares calquera modificación das tarifas, así como as datas de aplicación aprobadas pola Comisión Interministerial establecida ó efecto.

Sexta.- Financiación e formas de pago.-

Aprobada a financiación das actuacións a realizar e consignadas presupuestariamente as súas correspondentes partidas e con carácter previo ó seu encargo a TRAGSA o Concello de Ares deberá ingresar o importe polo mesmo financiado do custos dos traballos ou servizos encargados, nunha conta bancaria restrinxida e exclusivamente aberta para facer fronte de pagos da actuación da que se trate.

No caso de que as actuacións, ben sexan en parte ou na súa totalidade financiadas por medio de subvencións das diferentes administracións públicas, xustificárase o carácter finalista das mesmas, notificación a corporación local formalmente a TRAGS a resolución pola cal a axuda resultou concedida. Ditas subvencións, unha vez cobradas pola Administración Local, serán ingresadas na conta bancaria aberta ó efecto.

Da citada conta restrinxida só poderá dispoñerse para o pago dos traballos encargados a TRAGSA ou as súas filiais, presentando esta ó seu cobro as facturas correspondentes, unha vez sexan conformadas pola Administración Local.

Cando o Concello non contase con recursos propios ou axenos para a financiación das actuacións encomendadas e se procedera ó concerto de póliza de crédito con algunha entidade financeira, na oportuna póliza establecerase a condición de utilización dos abonos na conta específica restrinxida para facer fronte exclusivamente as facturacións de execución das actuacións concretas que se resinen.



En todo caso, as actuacións serán abonadas no prazo de dous meses dende a finalización das mesmas, dando lugar o incumprimento desta obriga ó abono a favor de TRAGSA, dos intereses de demora establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro.

Setima.- Réxime Administrativo de actuación.-

As actuacións obrigatorias que lle sexan encargadas a TRAGSA ou as súas filiais regularanse segundo o establecido no artigo 5 do Real Decreto 371/1999, de 5 de marzo, aplicándose con carácter supletorio os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Oitava.- Protección de datos.-

De acordo co establecido na lexislación vixente, acéptase expresamente a incorporación dos datos de carácter persoal ós ficheiros automatizados corporativos de TRAGSA e/ou as súas filiais, así como o tratamento automatizado dos mesmos, para as finalidades de xestión de TRAGSA e/ou as súas filiais, no caso de que resultara necesario.

En consecuencia, poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición dos datos de carácter persoal nos ficheiros corporativos de TRAGSA e/ou as súas filiais, nos termos establecidos na lexislación vixente.

TRAGSA e/ou as súas filiais manterán a máis absoluta confidencialidade respecto ós datos de carácter persoal de membros da Corporación ós que tivera acceso, no caso, pola suscripción do presente convenio, e únicamente poderá cedelos ós organismos oficiais ós que estea legalmente obrigada, de acordo coa lexislación vixente, non podendo facelo con respecto a terceiros privados, todo iso de conformidade co previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal e demais Normativa de aplicación.

Novena: Normativa aplicable.-

O presente Convenio suscrito en virtude da autorización conferida ó efecto pola Administración Xeral do Estado, a través da Delegación do Goberno en A Coruña, rexirase ademáis do disposto no mesmo, o disposto na Lei 66/1997, de 30 de decembro e R.D. 371/1999, de 5 de marzo; aplicándose ós principios do TRLCAP para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Decima.- Foro Aplicable.-

Resultarán competentes, de conformidade co establecido nos artigos 7 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, para a



interpretación e resolución de calquera controversia que puidera xurdir en relación coa aplicación do presente Convenio, os Xulgados e Tribunais de A Coruña.

E en proba de conformidade en canto antecede, os comparecentes firman en triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicados no seu encabezamento.

POLO CONCELLO DE ARES.
O Alcalde_presidente.

Asdo. Ilmo. Sr. D.....
POLA EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A. (TRAGSA).
O.....
Fdo.:.....
COA MIÑA ASISTENCIA
O Secretario da Corporación.
Asdo: D....."

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, quen manifesta o outro día cando se nos informa dos asuntos que van a Pleno, se nos informa desta proposta que aparentemente o que se trataba e da posibilidade de abrir como de feito temos aberto con calquer outro tipo de empresas publica ou privada a posibilidade de adxudicar un determinado tipo de obras, o contido do convenio matiza bastante esa situación e introduce algunhas dúbidas baixo o noso punto de vista, nos pensamos que en lugar de colocar TRAGSA en igualdade de condicións, nos pensamos que se lle situa en superioridade, porque o que se esta producindo é que os contratos que nos fixamos con TRAGSA bordearian a lei de contratos do estado, porque no apartado terceiro, establece o seguinte "En consecuencia, as relacións establecidas entre o Concello de Ares e TRAGSA teñen natureza administrativa, son de carácter interno, subordinado e dependente; resultando excluídos do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas en virtude do establecido no párrafo 1, apartado 1) do seu artigo 3.", polo tanto tratase en certa maneira de favorecer a TRAGSA, teño que dicir con toda claridade que coñezo á empresa TRAGSA polo que desfixo no PRESTIGE, dito esto eu doulle o beneficio da dúbida de que as empresas poidan mellorar e poidan facelo mellor, en todo caso nos non somos partidarias de facer un convenio, porque según se dixo o outro día polo Sr. Secretario a posibilidade de adxudicar as obras a TRAGSA a temos sempre fagamos ou non convenio, e o que nos chama moito máis a atención e que non se vote man dunha empresa galega que dependente da Administración Autonómica que é SEAGA, que practicamente ten o mesmo perfil que TRAGSA, e despois quero facer unha matización que é que nos parece perigoso que neste momento que o sector da construción esta nun proceso de receso, para que moitas empresas da comarca poidan acudir a licitación de obra pública, en definitiva e rematando creemos que non hai condicións especiais, singulares nin urxentes que leven a suscripción dun convenio específico con TRAGSA, e creemos que suscripción do convenio abre unha vía que non é oportuna nin é necesaria, e nese sentido vamos a votar en contra da suscripción do convenio, independentemente que no



seu momento opinemos que a empresa TRAGSA e a máis idonea para realizar a obra “x” ou a obra “y”, nese sentido o noso voto vai a ser en sentido negativo.

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que está de acordo con este convenio, entendendo isto como un instrumento máis para o Concello de Ares, significando que a adxudicación no seu momento será pola Xunta de Goberno ou polo Pleno do Concello, polo tanto o meu voto vai a ser favorable á suscripción do convenio.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Popular o Sr. José Manuel Cendán Fernández, como xa expliquei na xunta de portavoces, esta empresa cando temos unha traxedia, como pode ser o do PRESTIGE como se dixo aquí, ou o tema dos incendios que depende dunha Consellería de capitanea o BNG, e contratación dos camiños rurais, como xa dixen esta empresa utilizase en situacións excepcionais ou de catastrophe, se fai convenio e cando é necesario a contratación urxente polo motivos que manifestei anteriormente se utilizan estas empresas. Nos somos partidarios que se siga contratando como ata agora, e cando exista unha excepcionalidade se utilice o convenio, polo que lle vamos a dar o noso voto favorable.

Finalmente o Sr. Alcalde, manifesta que estamos diante dun convenio marco, non é un convenio específico para o concello de Ares, é o convenio xeral, que todos os Concellos que queiran asinan coa empresa TRAGSA, eu falei con outros Alcalde e a maioría dos Concellos o están asinando.

Definidas as posicións dos grupos sometese a votación o asunto e o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 4 P.P, e 1 NAL) e 2 votos en contra (2 BNG), acorda presta-la súa aprobación o convenio anteriormente transcrito.

Punto 5º.- ACORDOS A ADOPTAR EN RELACIÓN CO PROXECTO DE OBRAS DE "ACTUACIÓN INTEGRAL NA FACHADA MARÍTIMA DE REDES".

Visto o escrito de 21 de decembro de 2007 da Demarcación de Costas de Galicia do Ministerio de Medio Ambiente -Dirección General de Costas- referente á execución das obras de "Actuación integral na fachada marítima de Redes T.M. de Ares (A Coruña).

Aberto o turno de intervencións, interven o Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que este tipo de cuestións deberían ir a Comisión, e así os acordos que se van vendo e se van consensuando, cando foi o tema de Area Morta se meteu en comisión o proxecto se fixeron alegacións e estas alegacións se contemplaron despois no proxecto definitivo, e polo que entendo que deberíamos ver o proxecto en Comisión, posto que non teño coñecemento do mesmo, polo que me vou a abster e solicito que pase á Comisión Informativa correspondente.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, quen di que existe un problema de descordinación neste proxecto, significando que falamos deste proxecto na Comisión Informativa e creo que se quedou que íamos a revisar o proxecto, estabamos na fase de



exposición pública e quero adiantar que o noso Grupo presentou alegacións, e como aquí non se celebraba a Comisión e diante dun proceso que se pechaba nos optamos por presentar as alegacións diante da Demarcación de Costas. En todo caso parece ser que neste momento estaríamos pendentes de que se solucionasen esas alegacións e según pon aquí existe un tema máis grave que é que hay unha documentación que se solicita deste Concello o día 27 de decembro e o día 3 de abril aínda non se remitira, hay un retraso que non é de responsabilidade colectiva, en todo caso é responsabilidade do grupo de goberno, nos somos partidarios de que este tema se axilice, e polo que se refire a unha das peticións é evidente, que cando esten executadas as obras, o Concello terá que facerse cargo do seu mantemento, pero na segunda das cuestións xurdenos unha dubida “exención das taxas”, dicir que aquí no seu momento houbo unha batalla, coa Demarcación de Costas pola execución da obra da Avda. De Saavedra Meneses, que acabou como acabou, pero xurde outro tema que aquí sempre se dixo cando se falou dos orzamentos cando en licencia urbanísticas se presupuestaba un millón de euros, se dixo que parte dos ingresos ían a cubrirse coa obra de saneamento, e a pregunta que nos facemos é a seguintes ¿se lle vamos a condonar a licencia á Demarcación de Costas, que vamos facer cando pida a licencia a Consellería de Medio Ambiente para a EDAR?. Se estamos diante de dúas Administracións Públicas, porque a unha si e a outra non, gustaríamos que houboese unha posición coherente, e nos gustaría que este tema quede sobre a Mesa co obxecto de aclara-lo, acompañalo dos informes oportunos e canto antes solucionalo, se mañá se pode facer o informe e o luns facer o Pleno non hai problema estaremos a disposición do equipo de goberno.

O Sr. Alcalde, manifesta que para centrar o debate quere facer as seguintes aclaracións: o proxecto foi á Comisión de Urbanismo como queda reflexada nas actas correspondentes e foi informado favorablemente por todos os grupos da Corporación, é un proxecto que fai a Administración Central, o Ministerio de Medio Ambiente, e efectivamente o día 27 de decembro se envia un escrito o Concello requeríndonos para que se aporte unha serie de documentación, entre a que está a dispoñibilidade dos terreos, e este certificado non o tiñamos, o está xestionando a Concillería de Urbanismos, todos sabemos que o tema do aparcamento inclue unha parcela sobre a que temos compromiso de adquirir, os temas levan o seu tempo, o tema esta desde o 27 de decembro, hai trámite de exposición e de alegacións, eu sei que o Colexio de Arquitectos tamén presentou alegacións, e vostede (dirixíndose o Sr. Rodríguez Doval) que foi Alcalde coñece de procedemento, o procedemento segue o seu curso, pero o certificado de dispoñibilidade dos terreos non o podemos emitir ata ter finiquitada a adquisición da parcela. Polo referente ó tema exención de taxas a licencia a pide o Ministerio de Medio Ambiente, e entre Administracións se concede a exención de taxas, outro tema diferente e ó da EDAR, porque a Consellería de Medio Ambiente, presuposta 90 millóns para todo e a Empresa adxudicataria é a que ten que vir a pedir licencia, e eu a Empresa adxudicataria non lle teño porque non cobrar as taxas, e unha empresa do Sector privado e cando vai a un concurso e porque ve rentabilidade, como por exemplo AQUAGEST que o temos aquí no Concello e gratis non fai nada, en consecuencia é distinto. Estamos diante dun proxecto que está de acordo cos tempos e co procedemento, e esta claro



que parte da documentación que temos que adxuntar é a de hoxe, que é o compromiso municipal de que unha vez executadas as obras nos vamos a facer cargo do seu mantemento, e é o recoñecemento de que ó Goberno de España o Concello de Ares, non lle debe cobrar taxas pola execución dunhas obras que vamos de rodillas a pedir, porque eu esta obra vou a pedila de rodillas onde sexa.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que lle extraña que o BNG faga unhas alegacións e nos no Concello non saibamos, é unha competencia municipal e nos temos que decidir o que se vai a facer no Concello, polo que entendo que debemos de coñecer esas alegacións, e entre todos dicidir, as maiorías gañan as minorías. Dicar que esta obra foi unha obra que eu solicitei de acordo co Clube Marítimo de Redes, e solicitamos a incorporación da Praza do Pedregal e o aparcamento, facer a rua peatonal, e creo que se hai alegacións feitas polo Colexio de Arquitectos e polo Grupo do BNG, entendo que as debemos de coñecer, e tomar unha decisión e temos que ser sabedores do que queremos para Redes. O tema das licencias é un pouco inxusto, e teño que dicir que no meu mandato, foi a única Administración que se portou ven co Concello de Ares, sexa o Paseo Marítimo, sexa o proxecto ata o Raso, sexa a obra de Area Morta e agora este proxecto, Costas se Portou bastante ben, e eu non lle cobrei licencia, pero coincido co BNG que se non se lle cobra a un non se lle debe de cobrar a outro, ese o meu criterio, e o que pido e pediron os outros portavoces, e dicir que pase a Comisión para coñecer estas alegacións e unha vez resolto traelo a Pleno canto antes, se hai que facer un Pleno extraordinario que se faga.

O Sr. Alcalde manifesta que quere que se centre o debate, o escrito de costas nos pide que cando se rematen as obras nos comprometamos a seu mantemento, e que non vamos a cobrar as taxas, as alegacións as ten resolver a Demarcación de Costas, e unha vez resoltas nos mandará o proxecto é pedirá licencia, e ese proxecto é irá á Comisión Informativa correspondente, terá que verse no momento procesal oportuno, agora non estamos concedendo a licencia, non estamos estudando o proxecto, estamos nunha fase inicial, Costas para seguir, estamos nunha fase inicial, agora mesmo nos pide o compromiso do mantemento das instalacións e que non se van a cobrar as taxas, a partir de eso, Costas segue co procedemento resolve as alegacións e nos envia o proxecto, e hai vemos como vai a quedar Redes, agora non estamos dandolle a licencia a un proxecto, son dous momentos totalmente distintos. Agora votación se limita a asunción do mantemento das obras e non cobrar taxas, o que estamos a falar de examinar o proxecto é un trámite posterior, estes dous acordos non son de Comisións Informativas, os dous puntos que hoxe están no Pleno non son de Comisión Informativa, polo que pido que se centre o debate no momento procesal no que estamos, pido que votemos estes dous puntos que son de competencia.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que coincide no de centrar o tema, o centro non o sentamos todos no mesmo sitio, hai unha gran diferenza entre o proxecto de saneamento e este proxecto, este é un proxecto e entendeu eu que desde que se saca a información pública para recibir alegacións e unha vez se resoven estas, ese é o proxecto definitivo que se saca a



contratación, e no proxecto de Saneamento o que hai é un anteprojecto, e o se quita a contratación e a redacción definitiva dese proxecto e a súa execución, polo tanto entendemos nos que neste caso non vai haber unha segunda vez, eu son membro da comisión de urbanismo e non son tan estúpido como para comisión presetarlle a aprobación ó proxecto e o día seguinte presentarlle alegacións, Costas co fixo no tema de Area Morta na que nos tamén presentamos alegacións, nos da audiencia se presentan as alegacións oportunas, e as ten en consideración ou non e acto seguinte contrata as obras. Este proxecto ten a seu inicio sendo Alcalde desta Corporación a Sr. José Juan Vilasánchez Pazos e eu 1º Tenente de Alcalde, e Concelleiro de Urbanismo o Sr. Salvador López Montero, e existen documentos que así o verifican nunha visita que nos fixo daquela o Delegado da Demarcación Costas o Sr. Eduardo Toba, isto pasou por tres corporacións e todos queremos que se execute. Con respecto o tema da concesión da licenza, creo que hai un patinazo por parte do Sr. Alcalde xa que se di que non lle vamos a cobrar a Demarcación de Costas, cando a Demarcación de Costas non vai a facer as obras, a miña pregunta é ¿se non lle vamos a cobrar á empresa que vai a executar as obras?, e lle vamos á cobrar á empresa que lle pague á Consellería de Medio Ambiente, entendo que debemos fixar a posición da Corporación, se cando se trate de obras a executar de gran importancia non se lle vai a cobrar as taxas da licenza, e o que se nos esta a pedir aquí que non lle cobremos a empresa que faga as obras da Demarcación, pero non vamos acordar o non cobrarlle á empresa que faga a obra do Saneamento, é unha cousa que non ten moito sentido. O que pedimos un espazo de tempo pequeno, e que a traves dun informe xuridico elaborado pola Secretaria, que lle pode encargar este Pleno, no que se nos aclare que e o que temos que facer neste caso, e ata que punto eso pode ser vinculante, polo tanto pedimos que quede sobre mesa e se aclare este asunto, e en relación co tema das alegacións sería interesante ter unha copia de delas e polo que respeta as que presentou o noso grupo non temos ningún inconveniente en pasarlle unha copia das mesmas a cada grupo da Corporación.

O Sr. Alcalde, resposta que en ningún Concello ninguén fai nada sen licenza, se neste momento nos os eximimos do abono das taxas, e independentemente o proxecto ten que vir a comisión para otorgarlle a licenza, e nese momento veremos se as alegacións foron ou non foron admitidos, e con respecto de cobrarlles as taxas a uns e outros nos, decir que a Demarcación de Costas vai a exercer unhas obras en Redes e non vai a exercer ningunha actividade pola que se vai a lucrar, en canto a empresa que vai a facer a EDAR vai a facer unha actividade pola que se vai a lucrar, por esa razón esa empresa vai a pagar, esa é a razón pola cal o Grupo Socialista a uns non lles quere cobrar e os outros sí, de todos os xeitos cando veña a Pleno o tema das taxas da EDAR, votaremos e se fara o que acorde a Corporación.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que non ten inconveniente en aprobar agora as dúas cousas que se piden, non obstante coincide con todos en que deberíamos dar outra volta de tuerca a este proxecto, falar entre todos e despois tramitalo a Costas, non vamos a retrasar nada con todo esto.



O Sr. Alcalde manifesta que esta obra ten un prazo de execución de dez meses e está fixado no Diario Oficial de Galicia, en consecuencia como ó unico que se pide é que se manteña o executado e que non abonen as taxas da licenza, e isto non quita que o proxecto se estudie no seno da Comisión Informativa como solicita NAL, e tampouco quita que nos como Corporación de Dereito Público, e no momento no que vamos a actuar, non hai incompatibilidade o que piden os grupos do BNG e do PP co que vamos a aprobar, e como hai un prazo de execución de dez meses entendo que non debemos dilatala.

O Sr. Rodriguez Doval, manifesta que eles solicitaron que o asunto quede sobre a mesa, e o prazo de execución de dez meses é desde que se empece a facer a obra, e Vostede sabe igual que eu, que nos presupostos Xerais do Estado do ano 2008 non está consignada esta obra, entendo que irá nos do ano 2009 e xa vai ben, e deixando o asunto sobre a mesa non vamos a perder nada, porque si estivemos 4 meses esperando para mandar un papel, porque non podemos esperar unha semana máis para darlle maior seguridade a esto.

O Sr. Alcalde, manifesta que o prazo de execución e de dez meses, e ten consignación dentro dos presupostos xerais do Estado, o que pasa que as obras cun presuposto inferior a 5 millóns de euros non se consignan de maneira especifica, van en partidas xerais.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, condiciona o seu voto a que o proxecto pase a Comisión para coñecer as alegacións.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que eles solicitan precisamente a Comisión para non cargarlle o Pleno cun debate excesivo de se aprobamos ou non a condonación das taxas da licenza.

Rematado o debate sometese a votación a proposta do BNG, de que o asunto quede sobre a mesa, e o Pleno da Corporacion por 3 votos a favor (2 BNG e 1 NAL) (5 votos en contra do PSdeG-PSOE) e 4 abstención do Grupo Municipal do P.P., acorda rechazala-proposta.

Acto seguinte sometese a votación o acordo coa emenda “in vocce” presentada polo Grupo Municipal do P.P., que comprende que na 1ª primeira Comisión de Urbanismo se traerá o proxecto para seu coñecemento xunto coas alegacións e as alegacións que foron aceptadas pola Demarcación de Costas. E o Pleno do Concello previa deliberación acorda por maioría de 9 votos a favor dos grupso P.S.deG-P.S.O.E. (5) e P.P. (4) e 3 abstencións dos grupos do B.N.G. (2) e NAL (1):

Primeiro.- Adquirir o compromiso de que unha vez finalizadas as obras o Concello de Ares faráse cargo do seu mantemento.



Segundo.- Recoñecer áo abeiro do artigo 113 da Lei de Costas, que a obra está exenta do abono da TAXA pola expedición de licencias esixibles con arreglo á lexislación urbanística.

Terceiro.- Na 1ª primeira Comisión de Urbanismo se traerá o proxecto para seu coñecemento xunto coas alegacións, e as alegacións que foron aceptadas pola Demarcación de Costas.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

Punto 6º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que quere intervir, en relación co tema do expediente disciplinario da Traballadora Social, e despois de miralo decir que eu fun testigo e responsable político neste Concello durante oito anos, e ver as imputacións e suspensión de funcións que se lle fan nesta Resolución, creo e debo de decilo aquí que me parece inxusto, e teño que deixar constancia de esto no Pleno, porque non se fixo caso a miña opinión cando eu era o máximo responsable de todo isto, e quero deixar constancia de que todo o expediente e as imputacións que se fan aquí son mentira, e duas ou tres delas son todo o contrario do que se pon aquí, e a verdade vai a imperar, tardara 5 ou 6 meses pero a verdade vai a imperar, teño que dicir que a primeira, a segunda e a terceira foi ó revés, o dixen cando testifiquei que e mentira, dicir que espero que esto se aclare e se verá que estou no certo, non se tuvo en conta a miña opinión, e si a de xente de fora dunha familia concreta, denuncias feitas coa mesma máquina e o mesmo texto, e despois de onte ver o expediente e a incoacción que é unha chapuza completamente, o tempo dirá e porá a cada un no seu sitio, e a verdade vai a imperar. Isto é o que eu quería deixar constancia neste Pleno. Esta funcionaria tuvo pasar vexacións e agresións verbais e físicas por parte dunha Concelleira, así como polo Psicologo e a Funcionaria, e foi contrario do que se imputa, e outra cousa e que eu me calará e non abraira o expediente á xente que se lle tiña que abrir, como pudo ser o Psicologo e a Funcionaria.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que foi unha das persoas que no inicio desta Corporación solicitei a ademáis comparecin no procedimientto facendo unha declaración, acerca da actitude desta traballadora, o mín no me doen prendas, as veces nos metemos en cousas e volvemos atrás e quedamos moi mal, porque as cousas que non sen rematan moitas veces e mellor non empezalas, en calquera caso do que eu sei, e creo que sei bastante, desde o punto de vista profesional, desde o punto de vista do tratamento cos usuarios dos Servicios Sociais de Bases a aptitude desta persoa deixaba moito que desexar, non me quero meter na



súa intromisión na Campaña Electoral, porque eso era para tela votada deste Concello, e lamento que esta traballadora volva a traballar neste Concello, polo usuarios.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, dille o Sr. Rodríguez Doval, que ten a habilidade para acusar as persoas sen ter probas, e este é unha mais e te quedas tan fresco.

O Sr. Alcalde, manifesta que o tema o seguinte, que estamos a falar dunha resolución da Alcaldía na que se imponen unha sanción total de 7 meses de suspensión de emprego e soldo, por uns feitos dos que foron testigos empregados municipais que non teñen nada que ver nin co BNG nin co PSOE nin con NAL nin co PP, hai cada un foi a declarar, había un Psicoloxo que entreou a traballar con Vde (dirixíndose o Sr. Manuel Cendán), unha funcionaria que entrou a traballar tamen con Vde., foron libres de ir o expediente a declarar, e ó Sr. Instructor non lle queda máis remedio que propoñer e a mín non me queda máis remedio que dictar unha Resolución acorde co procedemento.

O Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que se ven a dar conta, pero si existe interes en abrir un debate, non ten ningún problema.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto 7º.- MOCIONS E PROPOSTAS.-

a) MOCIÓN DO BNG "PROBLEMATICA DERIVADA DA EXECUCIÓN DA OBRA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DOS CONCELLOS DE FENE-MUGARDOS E ARES.

Dada conta da Moción do BNG do seguinte teor literal:

“MOCION AO PLENO DO CONCELLO DE ARES.

Con data 7 de marzo, o Grupo Municipal do BNG rexistraba un escrito no que se demandaba do Grupo de goberno a adopción de iniciativas para resolver a problemática detectada no proceso aberto para a execución da obra de saneamento e depuración dos Concellos de Fene, Mugar dos e Ares e, nomeadamente, no proceso expropiatorio para a posta a disposición dos terreos.

Ao fio desta iniciativa, a Comisión de Urbanismo celebrada o día 12 de Marzo -coa asistencia de representantes da empresa que está a elaborar o expediente de expropiacións -tomaba en consideración e por asentimento as seguintes propostas:

-Que desde o Grupo de Goberno se procedese a enviar a cada unha das persoas afectadas polo proceso expropiatorio unha carta na que se lles explique o contido das



obras que se van executar, o concreto no que lles afecta individualmente e, sobor de todo, os mecanismos que os particulares teñen non só para estar informados sobre o tema, senón fundamentalmente para defender os seus intereses.

- Que a Comisión de Urbanismo levase o seguimento de todos os pasos que se vaian dando cara á execución do proxecto, tanto no referente ao actual proceso de expropiacións; como aos problemas que poidesen xurdir no momento concreto de execución das obras.

- Que dentro dese proceso, se procurase corrixir as eivas de carácter técnico nomeadamente, a referida á afectación das canalizacións ou dos víaís que se han construír nalgunhas fincas - que figuran no anteproxecto. Neste sentido e, dado que a empresa adjudicataria das obras deberá aínda de executar o proxecto definitivo; entendíase que sería nesa fase na que habería que incluír as modificacións que procedan.

Nembargantes, e cando ten pasado xá máis dun mes daquela reunión, o certo é que semella que nengún dos acordos adoptados está a executarse na práctica; de xeito que os problemas referidos á falta de información, dos trámites expropiatorios e das eivas técnicas que presenta o anteproxecto do que se dispón no concello seguen sen ter solución, cando menos dun xeito oficial.

Concretamente, un dos problemas que máis está a causar preocupación para as persoas afectadas é o da zona de afectación dos terreos, tanto para o soterramento das canalizacións como para a execución dos víaís que se van executar en paralelo. De feito, na devandita reunión da Comisión de Urbanismo celebrada o 12 de Marzo quedara en evidencia a falta de razónamentos técnicos que xustificasen que, por exemplo, no caso do que se denomina "**vial de acceso ao Porto de Ares**" figure no proxecto que "**....a sección tipo adoptada para este tramo é de 10 m. de ancho....**" pero sen embargo se traslade logo ao proceso expropiatorio unha zona de afectación que mesmo chega a duplicar o ancho previsto do vial.

Na mesma reunión quedara tamén moi claro que de cara á execución do proxecto definitivo das obras -proceso aínda pendente, xa que agora estase a manexar un anteproxecto -habería que resolver esta problemática, garantindo por unha banda as condicións técnicas da obra pero, asimesmo, evitando as afectacións por riba das necesidades reais para a execución das devanditas obras.

Neste sentido e, á vista da situación actual, no ánimo de reconducir a situación e facer compatíbel a necesidade e urxencia deste proxecto coa necesaria información ás persoas afectadas e, no que sexa posíbel, a minimización da afectación nos terreos polos que van discorrer as canalizacións e víaís; propomos ao Pleno do Concello de Ares a adopción dos seguintes:



ACORDOS:

1.- Que con carácter inmediato se poñan en marcha as iniciativas acordadas por asentimiento da Comisión de Urbanismo do pasado 12 de Marzo, con respecto á execución do proxecto de saneamento e depuración para os Concellos de Fene, Mugardos e Ares.

2.- Que se demande da Consellería de Medio Ambiente -como organismo responsábel da execución do proxecto -que de cara á redacción do proxecto definitivo se introduzan no mesmo as modificacións necesarias para corrixir as eivas detectadas no anteprojecto e, nomeadamente, aquelas que axuden a minimizar a afectación nos terreos polos que van discorrer as obras.”

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que como xa se falou noutras ocasións este é un tema fundametal para a infraestrutura do noso Concello, dicir que aquí houbo moitas Corporacións e moitos Grupos Políticos que ó marxe da Corporación estivemos a traballar porque o Saneamento do marxe Sur da Ría de Ferrol fora unha realidade, a primeira que se fala deste proxecto como unha posibilidade real é nunha reunión da Mesa polas Infraestructuras e dunha negociación da Mancomunidade de Concellos diante da Consellería de Política Territorial presidida polo SR. Xosé Cuiña, o proxecto do que estamos a falar agora é unha obriga porque a normativa europea di que ten que ser así, pero tamén é o resultado dun traballo de moitísimos anos. Nos hai máis dun ano en dúas ocasións na anterior Corporación fixemos unha solicitude; sabíamos que estaba o anteprojecto en trámite, e lle pedimos o equipo de goberno que había naquel entón que se axilizarán os trámites que para nos eran importantes de posta a disposición dos terreos, podería estar en dúbida de cando sería o comenzo das obras e do presuposto posto que daquela falabamos de 28 millóns de euros e agora son 80 millóns, en calquera caso o BNG sabía que estabamos diante dun proxecto complexo na súa tramitación e tamén no tempo, naquel momento a situación do equipo de goberno era a que era, e ó parecer eso era obstáculo para que a anterior Corporación fixera os deberes, en todo caso podemos dicir que a anterior Corporación poido ter feito os deberes, posto que desde principios de ano ata o 27 de maio que se celebraron as eleccións houbo pasos que poidemos ir dando, e que faltalmente non se deron ata o pleno do 29 de novembro de 2007 xa coa nova Corporación, nese Pleno asumimos a urxencia da posta a disposición dos terreos, neste Pleno os grupos definen as súas posicións, e en concreto o Bloque Nacionalista Galego decíamos *“o tema da posta a disposición dos terreos é un tema que nos preocupa, posto que temos a experiencia de cando se fixo a posta a disposición dos terreos para facer o Saneamento en Chanteiro a través do POL, foi un proceso longo máis tendo en conta o número de parcelas afectadas, e se agora vamos a ter 665 parcelas afectadas, podemos estar diante dun proceso que pode levar 6 ou 9 meses, queremos tamén facer un chamamento para que este proceso se leve coa maior axilidade e maior sentido común, para que todo aquilo que poida ser negociado se negocie, e o que non sexa*



negociable vaia a través do proceso expropiatorio, finalmente reitero a nosa posición que vai a ser favorable, e favorable será comprometerse a poñer a disposición os terreos necesarios para a execución das obras, adquirindo o compromiso de iniciar o expediente expropiatorio para dispoñer das fincas necesarias para dita actuación” , ese foi o acordo que tomamos nese Pleno o ano pasado, cando no mes de marzo empezan as queixas do vecindario do noso Concello, as veces afectados as veces dubidosos que non sabían se estaban afectados ou non, que nos trasladan que hai unha empresa neste caso PROYFE que está neste momento presentándose nas propiedades particulares dicindo que está facendo o expediente de expropiación, estacando as fincas, e dando unha información que a noso xuízo non era correcta, por corresponderlle a Administración contratante neste caso a Consellería de Medio Ambiente, ou subsidiariamente ó Concello, pero non deixarlle a unha empresa que diga o ancho que van a ter as rúas, a actuación da empresa debeuse limitar o que tiña que facer e en todo caso decirlle á xente que onde tiña que coller a información era no Concello ou na Consellería de Medio ambiente, en todo caso pensamos nos que eso desatou as queixas e preocupacións de numerosa xente que descoñecía en primeiro lugar unha fase do proceso que xa estaba feita que é a exposición pública do anteproxecto e en segundo lugar que agora estamos na fase de expropiacións e cada afectado ou afectada pode interceder, entón nos o día 7 de marzo entregamos un escrito pedíndose o Sr. Alcalde que na Comisión de Urbanismo se tratase en síntesis: Que dado que vai a ser un proceso longo e complexo e a parte das funcións que son do grupo de goberno e Alcaldía, o nivel de información que teñamos o teñamos todos igual, porque senón uns teñen moita información e outros tamén membros da Corporación non a temos, en síntese nesa Comisión do día 12 de marzo se acordou facer unha campaña informativa para facerlle chegar a cada afectado a información concreta do que estaba pasando, que derá un pouco de seguridade e que evitamos que esa preocupación fose a maiores, porque sabemos que no noso Concello temos expertos en facer que as cousas explicables sexan inexplicables, da reunión do pasado 12 de marzo parece que se efectivizou bastante pouco, posto que a información que temos a través de persoas afectadas non lles chegou ningunha información por parte do Concello, pero entendemos que debería chegarlles unha carta que aclarase que tranquilizase e que de esa seguridade a todas as persoas afectadas, sabendo que cando se redacte o proxecto definitivo nos poidamos corrixir eivas derivadas do grado de afectación que fundamentalmente os viais producen en determinado número de fincas, e como xa vimos na propia Comisión hai cousas corrixibles, facendo un pequeno movemento do que era o trazado. En concreto neste Pleno nos pedimos que hai que reconducir esta cuestión, na liña do que comentamos na Comisión de Urbanismo, esta Comisión debe de ser a Comisión de seguimento de todo o relacionado co tema da execución deste proxecto, eu unha das primeiras cousas que lle dixen non a este Alcalde senón ó anterior é que contase co Bloque Nacionalista Galego como si estivesemos gobernando, para falar co vecindario, pero nos para facer este traballo temos que contar cun nivel de información que canto menos sexa igual do que ten o grupo de goberno, e neste momento non esta sendo así, e fundamental o expropiacións vaise producir pero nos queremos que sobre o tema do trazado, o tema técnico e sobre o tema da afectación e é o que pedimos no segundo punto, queremos un acordo explícito da Consellería de Medio Ambiente que se demande da Consellería de Medio Ambiente -como organismo responsábel da



execución do proxecto -que de cara á redacción do proxecto definitivo se introduzan no mesmo as modificacións necesarias para corrixir as eivas detectadas no anteprojecto e, nomeadamente, aquelas que axuden a minimizar a afectación nos terreos polos que van discorrer as obras. E no primeiro que con carácter inmediato se poñan en marcha as iniciativas acordadas por asentimento da Comisión de Urbanismo do pasado 12 de Marzo, con respecto á execución do proxecto de saneamento e depuración para os Concellos de Fene, Mugardos e Ares.

Creemos que non hai que capitalizar nada, hai que resolver, creemos que non se resolveu nada, somos críticos neste aspecto, o equipo de goberno tardou en levar o tema ata o mes de novembro e desde o mes de novembro ata hoxe non o están levando ben, é unha crítica sana e constructiva, pretendemos reconducir isto, non estamos pedindo a cabeza de ninguén, estamos pedindo ir pola liña correcta, que tomemos boa nota das persoas que pasaron por este tipo de procesos, e non se esta a facer.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, e di que esta de acordo cos puntos que veñen aquí, pero vai a reproducir un pouco a argumentación que fixo cando se levou este tema a Comisión do 12 de marzo, que si é verdade que o día 7 o BNG presentou un escrito, eu quero recordar que o día 4 presentei un escrito dirixido o Sr. Alcalde, solicitandolle a celebración dun Comisión Extraordinaria que eu non estaba presente, que non poden acudir por outro tipo de responsabilidades, dito isto dicir que estamos nun proceso bastante complexo e maiormente cando dous Concellos como Fene e Mugardos lle delegan as expropiacións ó Concello de Ares. Como xa o manifestei na Comisión o trazado se limitaba a ir polo camiño público excepto en dúas zonas de curvas que non podía seguir a curva, e a afectación era camiño público 10 metros, pero a maiores nese paquete de negociación que había feito, e o compromiso que había, no mesmo acordo coa Xunta había un vial de Senderismo que ia finalizar o traxecto do proxecto, e contemplaba o corredor rápido do muelle, onde o compromiso na rotonda das “Cagallas” se faría cargo o concello as expropiacións, pero a obra a ía financiar con fondos públicos a Xunta de Galicia, eu nesa creencia ata que un día me chegou un veciño con información, incluso cun CD no que aparecía un trazado de 20 metros, eu non sabía nada de eso, e cando empecei a recabar información do asunto efectivamente o trazado do camiño se había variado, se optara por outra proposta, foi a raíz de hai que solicitei unha Comisión Informativa para que por parte dos Técnicos que se había adjudicado mediante un acordo da Comisión de Goberno para que levase o traballo da expropiación se nos puxera en coñecemento non so como era o tema das expropiacións senón que o que eu solicitaba no escrito e que por parte dos técnicos se nos informase tamén do proxecto técnico, efectivamente o Sr. Alcalde nos convoca para a Comisión Informativa do día 12 e se desplazan dous técnicos da Empresa PROYFE encargada das expropiacións, e ante a miña pregunta sobre o proxecto técnico, eles me respostan que non levan temas técnicos que eles soamente levan o tema das expropiacións. Na Comisión Informativa o que se acordou e que polos técnicos municipais e a empresa PROYFE se puxesen de acordo e tratar de buscar unha solución para reducir no posible a



afectación do vial, e a día de hoxe non se esto se levou a cabo e cales son as conclusións, polo tanto vou a decir que sí a Moción.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que vai a empezar polo final, e decir que o punto 2 da Moción foi o que pediram nos en Comisión, e me alegro que o Bloque se sume á petición que había efectuado o Partido Popular. No mes de febreiro ou marzo se nos chama os tres Alcalde, o Alcalde de Fene, Mugaros e Ares, se nos explica polo Presidente de Augas de Galicia que queren realizar a obra e se nos da un anteproxecto para que o fomos mirando, e neste proceso tiveron lugar as eleccións municipais, e este tema nos colleu no principio da nova lexislatura, polo que entendo que non hai que acharlle nada a ninguén, pero agora si estamos a tempo de correxilo, o tema das expropiacións se falou na Comisión, e cando nos fixemos as expropiacións de Chanteiro que había unhas duzentas se lle mandou unha carta a cada un dos afectados explicandolles o proceso, ese proceso nos levou tempo pero o noventa e pico por cento dos afectados accedeu e asinou o escrito que nos lle remitimos e solo en tres ou catro casos tivemos levar a cabo as expropiacións. Hai que explicarlle a xente que é unha obra fundamental para desenrolo do Concello, na Comisión coincidimos todos que por parte da Alcaldía se lle enviará unha carta os afectados que son arredor de seiscentos, e según se informou aquí parece que non se fixo esto.

Decir que a min o que máis me preocupa e o proxecto, por eso manifestei a miña intención de falar coa Consellería e onde poidamos variar o proxecto variálo, falamos da redución da protección de 5 metros a cada lado, e cando se abre un vial mirar que non lle toque todo a unha persoa senón de tratar de equilibrar. Vou a votar a favor da Moción, as propostas que trae son practicamente as que coincidimos nos outros. Vamos a seguir apostando porque a obra se faga, e que de os mínimos problemas ós veciños, estamos diante dunha obra que é fundamental para o futuro do Concello de Ares.

Interven o Sr. Alcalde, manifestando que sobre este tema afortunadamente non hai discrepancia como en moitos outros temas, que no mes de xuño cando este grupo de goberno toma posesión se encontra cun proxecto de abril de 2007, que é un anteproxecto que non redactou esta Alcaldía nin esta Corporación, e hai que instar os tramites correspondentes para dalgunha maneira como dixo o Portavoz do Partido Popular non perder este paso histórico que podemos dar, que todos os partidos políticos que concurrimos as eleccións levabamos no noso programa electoral, "O Saneamento Integral da Ría", que paradoxicamente quince anos despois de haberse prometido se fai realidade. En consecuencia en abril de 2007 se fecha un proxecto, nos tomamos posesión en xuño e logo por acordo de toda a Corporación en Pleno no mes de novembro por unanimidade asumimos algo que o mellor non tiñamos que ter asumido, un proxecto que ten un impacto supramunicipal hai mecanismos lexislativos como procedimentais para que a Consellería de Medio Ambiente o que é supramunicipal o faga ela e non efectivamente ter que asumir a tramitación un Concello pequeno como este de 5400 habitantes e con dous Aparelladores que na medida que se empantanan neste deixan de facer outras cousas, a xestión a leva Ares, e nin Mugaros nin Fene pagan dalgunha maneira a



sobrecarga de traballo que isto significa. Todos os grupos están de acordo nesta tramitación, non nos gustaría que esta Alcaldía pague os platos rotos dun tema no que non tuvo nada que ver, o único que ten e boa vontade, e actúa de acordo co que se acordou por parte de todos. Cando se fai ese proxecto o Plan de Urbanismo está vixente, e se utilizan os viais que existen e que están no Plan, se desplaza un equipo a campo e se fai o deseño a través de camiños que figuran no Plan, e concretamente pasa algunha canalización a través dun camiño que foi deseñado pola anterior Corporación a través dunha modificación Puntual, e que prevee un determinado ancho, a canalización que fan os redactores do proxecto segue o ancho que esta prevista na modificación puntual, agora se produce unha trastocación da realidade, que é que non hai Plan, en consecuencia algunhas canalizacións ían a través de camiños que agora xa non o son, polo que ten que ser axustado. A Moción do BNG e redundar no que xa temos decidido todos, e efectivamente temos acordado na Comisión de Urbanismo, se pediu que viñeron os de PROYFE, e viñeron, se pideu reducir a afectación do vial e se esta a traballar neste, e cando tiñamos o proxecto definitivo os afectados serán os primeiros en coñecelo. Estamos diante dun anteprojecto que sirve de base para 19 empresas se presenten a licitación do proxecto definitivo, e non sei que vai a ser, pero esa empresa vai a gañar diñeiro, por eso se lle vai a cobrar a licencia, e unha desas Empresas e AQUAGEST, e non sei se vai a ser adxudicataria pero AQUAGEST calquer cousa que fai a cobra. En calquer caso a empresa adxudicataria ten que facer un proxecto sobre a base dese anteprojecto, e o meu compromiso é que cando este ese proxecto virá as Comisións Informativas, se informará os veciños cos que me comprometin e ademáis estamos traballando con PROYFE co Enxeñeiro para que identifiquen a todos os propietarios das parcelas afectadas para notificalos, este é un tema difícil porque moitas parcelas non teñen reflexo Rexistral e a referencia Catastral que teñen moitas delas é inexacto ou esta incompleto, PROYFE está facendo un esforzo para identificar a todos os propietarios, sin a previa identificación de todos os propietarios as notificacións son absurdas, porque despois virá os problemas que a uns se lles notifica e os outros non. As cousas hai que facelas ben e seremos xulgados polos nosos feitos. Existe certa obsesión por parte do BNG con este tema porque pide que se adopten os acordos que xa se adoptaron na Comisión e que este Grupo non incumpliu, pero de momento non está en condicións de seguir avanzando porque non temos identificados a totalidade dos propietarios. Aquí vai haber Plan de Urbanismo se o acordamos todos, o que sufrimos os Socialista e o BNG que gobernaba con nos cando se aprobou o Plan non estamos dispostos a pasalo de novo, e se isto da EDAR se traduce en algo parecido que o xestione a Xunta de Galicia que é un proxecto Supramunicipal, pero eu non vou a pandar cun proxecto que lle entregaron ó anterior goberno, bastante fago con tratar de que se execute.

Creo que se está intentando erosionar a imaxe do equipo de goberno, porque nesta Moción se piden os acordos que se adoptaron na Comisión Informativa, que se celebrou o día 12 de marzo, dicir que pasou un mes e estas cousas son complexas, non sabemos quen a empresa adxudicataria definitiva, existe deficit rexistral, deficit catastral, que vamos a facer nos, ir vinte pasos por diante, isto existe seu tempo e o compromiso esta nos termos que se adoptou na Comisión. Como vamos a votar en contra da Moción se todos os grupos lle dixemos que si na Comisión Informativa. Vostede ten un afán de protagonismo posto que o



que pide na Moción, o PP xa dixo que si, NAL dixo que sí e o PSOE dixo que sí na propia Comisión Informativa, esto non aporta nada novo, sendo superflua, porque non engade novo ó debate pero como non vamos a contradecirnos tamén a vamos a apoiar.

O Sr. Luis Cendán Fernández, di que estamos todos de acordo que non é votarnos a culpa uns a outros, e un proxecto que entrou en abril de 2007, penso que estamos en plazo, estamos en tempo e o podemos subsanar, e co manifestado hoxe aquí no debate que ó parecer estamos todos de acordo, igual no cen por cen do trazado non o podemos subsanar pero si nunha gran parte.

O Sr. Rodríguez Doval, di que pensa que é un mal síntoma, que se diga que esto se esta debatindo aquí por un problema de protagonismo do BNG, e absurdo pensar eso, é lícito pero é absurdo, nos detectamos que hai un problema que detectamos antes do 12 de marzo no que chegamos a un acordo por asentimento que había que reorientar o proceso, durante o prazo dun mes nos fixemos unha lectura, falamos coa xente, e me di que o que falamos en comisión e acordamos por asentimento pasado un mes sigue igual que non ten información. Pregunto se é protagonismo que é tralla isto ó máximo órgano do Pleno, penso que é un acto de responsabilidade, poidemos facer outras cousas, que xa digo hai expertos para eso, pero non somos nos, e viñemos aquí para que o máximo órgano da Corporación, por certo unha Corporación que non ten maioría absoluta, e as veces se necesita un concurso maior que o propio grupo de goberno, e despois do 12 de marzo o que lle podo decir á xente é que o grupo de goberno se compromete nunha cousa pero eu non podo efectivizala, teña vostede por seguro que eu nun prazo de dez días lles houbese mandado unha carta a todos os veciños e veciñas onde se lles explicara isto, e non se fixo. E se vostede non sabe que nes son preguntelle os que andan co CD que eles si o saben. A mín parece un tema de traca que se diga que isto é un tema de protagonismo, o BNG non vai a protagonizar nada, e o BNG ten a responsabilidade que tiña vostede na anterior Corporación que é facer unha análise do que fai o grupo de Goberno, facerlle un seguimento e unha fiscalización, e as mocións ó Pleno e máis que un dereito e unha obriga, e poderíamos utilizar outros metodos, que é vir aquí e non dicir nada e estala montando por atrás, e vostede sabe que así. Aquí o que lle pido que hai que ter moita cautela, sobre todo nas informacións que se quiten nos medios de comunicación, debemos de perder máis tempo en centrar isto que en dar notas á prensa.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que como anteriormente se dixo aquí o Plan Xeral está anulado, o no haber Plan nos podemos ver no punto de Xudicializar o proxecto e vamos ver esa obra vai quedar paralizada hai, e nos vamos a ver nun conflito. Con respecto o vial, no Plan Xeral do 1999, nos xa presentamos unha alegación como grupo, porque este vial era o que máis conflito presentaba, porque se fixo un vial sin contar cos camiños existentes, e se fixo un vial autonómico de 36 metros, e pasamos dunha vía autonómica de 36 metros a unha vía local de 10 metros, por eso o dixen en Comisión e quero que quede constancia que solicitamos a reunión coa Consellería e cos de PROYFE para que quede constancia que a vía vai a ser de 10 metros, o fundamental é que o vial sexa de 10 metros



como estaba previsto, e levalo polo camiño, e a afectación ós dous marxes, se negociamos cos veciños moitas destas propiedades non teñen que ir a expropiación, hai que contar con todos, y non discriminar a ninguen, e cando foi o Plan Xeral nos presentamos 18 alegacións e non se chegaron a discutir, se nos comprometemos que o vial no pase de 10 metros e que na medida do posible afecte os dous marxes, a maioría dos veciños vai a estar de acordo.

Finalmente o Sr. Alcalde, o vial que vos modificachedes ten 16 metros, non ten 10 como dí vostede, agora como non hai Plan vamos a baixalo a 10 metros, pero si houbera Plan haber como o poñíamos, teríamos que facer outro modificación puntual.

Rematado o debate polo Sr. Alcalde-Presidente, sometese a votación a Moción e o Pleno da Corporación por unimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte polo Sr. Alcalde-Presidente, e previo o paso o punto de Rogos e Preguntas, preguntase os portavoces dos grupos se teñen algunha Moción para presentar pola via de urxencia. Non presentandose ningunha Moción.

Punto 8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que leva dous Plenos reiterando, que se reparen as rúas como a Concepción Arenal, en Seselle a que via por Vales que vai a dar ó Camiño de Rodelas, que esta intransitable.

Despois temos na cruce entre a Rúa dos Anxos e Rúa Lua, unhas arbores que teñen a auga apozada, mandar un traballador que lle vote unha pouca de pedra.

E finalmente formula o rogo que non esta colgado na paxina web o pleno do 26 de xullo de 2007.

O Sr. Luis Cendán Fernández, di que solicitou unha serie de documentación se me envia un escrito polo Sr. Alcalde-Accidental, no que se me denega as fotocopias da documentación e o mesmo tempo se me da o dereito a que consulte os expedientes, a pregunta é se hai intención de que acude os expedientes e se hai data e hora.

O Sr. Alcalde resposta o Sr. Luis Cendán que cando queira, aquí a dinamica é que cando se necesite consultar calquer expediente, se lle diga o Secretario e non hai problema, o que pasa que e que no que vostede pide hai curriculum persoais, eso podese ver pero non levalo para casa. Podese acceder a todo a documentos simplemente con pedirlos o Sr. Secretario e se este observa algunha pega, e quen me di o que pasa.



E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e coarenta e cinco minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,